



**Ames**

## **O BNG de Ames segue apostando pola redución, a reciclaxe e a reutilización en relación aos residuos**

**Ames. 10 de marzo de 2018**

O BNG de Ames aposta por un modelo de xestión do lixo ecolóxico e ambientalmente sostible que sirva de alternativa ao actual modelo do PP, a incineración, representado polo modelo monopolístico de Sogama, que vemos como ineficaz e contaminante, e moi afastado dos obxectivos europeos neste eido.

O BNG ten como obxectivo avanzar nun modelo de xestión de residuos baseados nos tres R (reducir, reutilizar e reciclar) e no impulso da compostaxe, aproveitando a fracción orgánica do lixo -os restos de comida e cociña dos residuos urbanos, a biomasa de orixe vexetal- para obter compost.

Ademais, o BNG aposta pola descentralización do tratamento de lixo (aforrando en transporte) mediante plantas comarcais de tratamento, por medidas de fomento para mellorar a separación en orixe dos residuos e pola compostaxe doméstica no rural, mediante composteiros de adscrición individual nos núcleos urbanos e para os diversos servizos municipais (comedores escolares, brigadas ambiental e de obras, xardinería, etc.).

Evidentemente, Sogama non cumpre con ningún destes obxectivos e en ningún caso é unha alternativa para o BNG de Ames, agás casos puntuais e excepcionais que se poidan producir. É a Mancomunidade da Serra do Barbanza, sistema ao que actualmente está adscrito o Concello de Ames, o que máis se achega ao modelo de tratamento do lixo polo que apostamos. De feito, ata agora os seus resultados son os que máis se aproximan aos obxectivos marcados pola UE en canto á compostaxe e reciclaxe do lixo.

As deficiencias que existen na actualidade en canto á recollida do lixo, xestión da mancomunidade ou mesmo resultados (sempre mellorables na súa calidade) entendemos que son circunstanciais e, xa que logo, resolubles. Pola contra, os problemas do modelo Sogama son inherentes ao propio modelo e polo tanto irresolubles.

Bloque Nacionalista Galego de Ames